DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRES DE COMESAÑA

01. Memoria Xustificativa

Anexo VI. Estudo da Paisaxe e Estudo da Paisaxe Urbana

SITUACIÓN:	CEIP PÁRROCO DON CAMILO PARROQUIA SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.
DATA:	FEBREIRO 2025.
PROMOTOR:	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. CONCELLO DE VIGO.
ARQUITECTO:	ÁNGEL J. SANTORIO CUARTERO.

CONCELLO DE VIGO
XERENCIA DE URBANISMO
Urbanización e Infraestructuras

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

ÍNDICE

1.1 Xustificación e consideracións da paisaxe. Obxectivos. 165
1.1.1 Adecuación paisaxística e ambiental..... 165
1.1.2 A unidade de paisaxe. Análise paisaxística. 168
1.1.3 Estudo da paisaxe..... 176
1.1.4 Estudo da paisaxe urbana de Ceip Párroco Don Camilo..... 182

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

01. Memoria Xustificativa

Anexo VI. Estudo da Paisaxe e Estudo da Paisaxe urbana.

1.1 XUSTIFICACIÓN E CONSIDERACIÓNS DA PAISAXE. OBXECTIVOS.

1.1.1 ADECUACIÓN PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL.

De conformidade coa análise territorial realizada, á escala do ámbito de influencia da nova infraestrutura viaria proxectada, se acredita que os terreos nos que se propón o novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo non dispoñen de condicións que requiran a súa protección polos seus valores ambientais ou paisaxísticos, en base á clasificación que actualmente teñen no planeamento vixente do concello, ao atoparse incluidos nun solo de desenvolvemento urbanístico no vixente PXOU 93 e igualmente na Revisión do PXOM, en tramitación na actualidade.

A zona está integrada, dende a perspectiva ambiental, na unidade de paisaxe da Curso Baixo do Val do Lagares, que se configura como un territorio de transición cara o bordo costeiro litoral.

Figura nº12. Vista do diseminado de vivendas existente ao longo da estrada Matamá-Pazó, na parroquia de Comesaña, con indicación do CEIP.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 13. Instalación do CEIP Párroco Don Camilo, e ao fondo a Polígono do Carmauxo e o Polígono de Balaídos do Consorcio Zona Franca de Vigo, con indicación do CEIP.

A zona obxecto de estudo non é visible dende a costa, e non está incluída no ámbito de xestión do Plan de Ordenación do Litoral, como xa se sinalou.

Figura nº 19. Vista do Polígono de Balaidos (esquerda) e do Polígono do Caramuxo (dereita), o río Lagares e a estrada PO-552. Ao fondo a zona de transición cara o diseminado urbano onde se sitúa o CEIP Párroco Don Camilo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 20. Vista dende a fronte litoral cara o interior. Polo escasa diferenza de cota e a pequena escala da actuación a desenvolver, nun medio xa fortemente antropizado, así como pola distancia existente, o novo vial proxectado non será percetible dende o mar.

Figura nº 21. Vista do CEIP e a estrada de Camposancos PO-552, dende a que se plantea o novo vial proxectado. A topografía descende suavemente dende o CEIP cara o devandito vial e o val do Lagares, dende o que non será visible.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

1.1.2 A UNIDADE DE PAISAXE. ANÁLISE PAISAXÍSTICA.

De acordo ao Catálogo da Paisaxe de Galicia o ámbito da actuación deste PEI sitúase na área paisaxística denominada Vigo Litoral.



Figura nº 22. Mapa das áreas paisaxísticas. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia

Dende a perspectiva da paisaxe, en canto a cuberta do territorio no que se localiza a actuación e a súa área de influencia, e a súa identidade territorial, atopámonos nun espazo de carácter rururbano, caracterizado polo xenérico difuso da contorna das cidades galegas. Existen mexturas de actividade residencial en continuos con outras actividades terciarias, con caracterización de paisaxe urbano ou de cidade xardín ruralizada de transición cara as zonas periféricas da cidade, combinada con pezas de uso agrario, forestal e terciario.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 23. Imaxes da zona da actuación. Varias vistas tomadas dende a estrada PO-552.

Figura nº 24. Imaxe da zona da actuación, na zona de chegada do novo vial de acceso ao CEIP.

O espazo paisaxístico da contorna da actuación se caracteriza, asimesmo, pola presenza do Val do río Lagares, e de redes de comunicación primaria, como é a propia estrada de Camposancos (PO-552), e o continuo espazo terciario empresarial existente ao longo da mesma, en pleno funcionamento, fundamentalmente dende a ubicación da factoría do grupo PSA e demáis industrias do sector complementarias existentes no recinto da Zona Franca Vigo en Balaídos.

A rede viaria capilar que artella a mobilidade está constituida por un tecido antigo, maiormente proviñente dos camiños existentes a mediados do século pasado, aos que se lles foi dotando sucesivamente ao longo dos anos de servizos urbanos.

A estes efectos, se aprecia perfectamente na seguinte imaxe a presencia do estrada Matamá-Pazó e a do Camiño Pedreira, e a forte consolidación de edificacións xa existente no mesmo naquelas datas. Ademáis, igualmente se aprecia o actual acceso ao CEIP Párroco Don Camilo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 25. Imaxe do vóo americano de 1956, onde se aprecia a rede de camiños existente que subsistiu ata a actualidade.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

En canto á cobertura do solo da unidade de paisaxe, localízase nunha zona de transición do urbano ao diseminado rururbano:

Figura nº 26. Plano de unidades de paisaxe, dende o punto de vista da cobertura do solo.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Dende o punto de vista dos valores paisaxísticos, naturais e ecolóxicos, nos terreos e nas súas inmediacións non existen árbores senlleiras, formacións senlleiras, nin áreas prioritarias de avifauna ameazada, así como tampouco zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

Tampouco zonas integrantes do Plan de conservación da pillara das dunas, Plan de recuperación do oso pardo ou Plan de recuperación do sapoconcho común. Sen embargo, a zona se atopa identificada como zona 3 no Plan de xestión do Lobo e como área potencial no Plan de recuperación da escribenta das canaveiras.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº27. Plano dos plans existentes da preservación dos valores naturais con afección no ámbito da actuación.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Dende o punto de vista dos valores paisaxísticos, culturais e patrimoniais, nos terreos e nas súas inmediacións non existen castelos, torres ou fortalezas, mosteiros, casa grande, pazos, festas de Galicia, xardíns botánicos, patrimonio cultural, camiño de Santiago, ámbitos do Camiño de Santiago, nin conxuntos históricos. Sí se atopa preto da igrexa parroquial de Santo Andrés de Comesaña, que se atopa incluida no catálogo do patrimonio cultural, ao igual que da sede da empresa Vitrasa, sen estar afectado polo ámbito de protección dos mesmos.



Figura nº 28. Imaxe da localización do ámbito do PEI en relación cos elementos pertencentes ao patrimonio cultural: igrexa parroquial de San Andrés e nave para talleres e oficinas Vitrasa.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/pba/

De seguido se achegan as fichas dos elementos próximos, pertencentes ao catalógo do patrimonio cultural do IOP de Vigo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA | TIPOLOXIA: CIVIL | CLAVE PLANO: 14-H | Nº FICHA: A_102

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN: Nave para talleres e oficinas de Vitrasa | PARROQUIA: SANTO ANDRÉ DE C | NÚCLEO: Vigo | LOCALIZACIÓN: Estrada de Camposancos nº 36; San A

DESCRIPCIÓN: CONTEMPORANEO

Xosé Bar Boo e César Portela asinaron o proxecto desta obra realizada no ano 1974 para acoller os talleres e oficinas da empresa Vitrasa. A súa fachada frontal, sen dúbida o elemento máis destacado do edificio, presenta unha combinación de materiais prefabricados en forma de bandas inclinadas de formigón e cristal que se insiren nun marco arquitectónico aparentemente clásico. En opinión de Agrasar Quiroga "nas fachadas laterais dispóñense uns expresivos soportes exteriores de formigón, de sección en diminución, que se superpoñen ao tramo pregado e a unha longa secuencia de grandes paneis prefabricados de nervaduras verticais" que "evidencia a natureza dual, administrativa e industrial do edificio".
Dúas escaleiras da autoría de Bar Boo permiten acceder ao inmoble, dando a sensación de pavilión flotante que se apoia nunha membrana plástica, material presente á altura do zócolo sobre o que se eleva o conxunto.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLUÍDO NO CATÁLOGO	LOCAL	ESTRUCTURAL	SUFICIENTE	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS: As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS: As que establece o nivel de protección
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

Consultora Galega s.l. — F RES A_102

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA | TIPOLOXIA: RELIXIOSA | CLAVE PLANO: 15-H | Nº FICHA: A_162

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN: Conxunto parroquial de Sto André de Comes | PARROQUIA: SANTO ANDRÉ DE C | NÚCLEO: Comesaña | LOCALIZACIÓN: Estrada de Matamá

DESCRIPCIÓN: NEOGALÁSICO

Edificio de planta en forma de cruz latina con cubierta a dúas augas que foi levantado en perpiaño granítico de óptima calidade perfectamente labrado e escuadrado. A súa fachada, que garda varias semellanzas co templo parroquial de Teis, presenta un eixo de simetría no que se empraza a porta de acceso principal gorecida baixo un lintel moldurado. Sobre el un grande oculo. Ambos elementos enmárcanse entre pilastras de inspiración clasicista embutidas no muro. Servindo de base ao campanario -de planta cuadrangular e esquinas achaflanadas- un frontón triangular ru no que irrompe bruscamente o bacamento do campanario. Este remátase en altura a traves dunha cúpula octogonal horadada cubierta por unha cúpula e rematada en altura por un pináculo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLUÍDO NO CATÁLOGO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:
Esta ficha, tal e como xa se contempla na Memoria deste Catálogo, protege o conxunto de edificios e elementos que conforma o Conxunto parroquial: templo, adro, casa reitoral, casa da obra, cruceiro e cemiterio histórico. Xa que logo todos eles contan coa protección específica que lle asigna esta ficha e, no seu caso, a que lle reserva a devandita Memoria.
A ficha deste conxunto atópase tamén na ficha nº 155 e 16 do Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmoble do Concello de Vigo.

ELEMENTOS A PROTEXER
ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben. Adopción de medidas de humanización do contorno tendentes a priorizar os usos peonís sobre os dos vehículos a motor.

OBRAS PROHIBIDAS: Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS: Restauración ou reparación dos elementos deteriorados
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

Consultora Galega s.l. — F RES A_162

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA | TIPOLOXIA: CEMITERIOS | CLAVE PLANO: 15-H | Nº FICHA: A_198

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN: Cemiterio parroquial de Comesaña | PARROQUIA: SANTO ANDRÉ DE C | NÚCLEO: Comesaña | LOCALIZACIÓN: Estrada do cemiterio s/n

DESCRIPCIÓN:
Construído no primeiro cuarto do século pasado (1913) o cemiterio parroquial de Sto André de Comesaña conta cunha das portadas monumentais de acceso máis notables de todo o termo municipal. De estilo barroco, o conxunto permite acceder ao recinto a traves de tres portas, dúas alírtedadas de pequeno tamaño laterais e un portón monumental gorecido baixo un arco carpanel con clave rematada en altura por un frontón triangular partido.
O camposanto en si organízase de xeito ortogonal a partir dun eixo central que articula a comunicación principal de cada unha das catro cuxazdas de nichos que se dispoñen a ambos lados desta arteria. Ás vías de comunicación dentro do camposanto complementanse cunha vía perimetral que interconecta coa súa axial transversalmente. Na planta deste conxunto diferenciamos tres momentos constructivos claramente definidos e diferenciados pola tipoloxía constructiva e a distribución de nichos e tumbas. A primeira -a máis achegada á porta de acceso principal- estaría conformada por pequenos nichos que se distribúen harmoniosamente entre un humilde xardín francés. A segunda responde a un modelo igualmente ordenado seguindo un modelo reticular, pero máis densificado na medida en que responde a cuxazdas conformadas por nichos superpostos en altura levantados en tiolo e cemento. O terceiro momento, producto dunha nova ampliación posterior cara ao NE, é herdeiro deste mesmo modelo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLUÍDO NO CATÁLOGO	LOCAL	ESTRUCTURAL	BO	PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO NON CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER:
FRONTISPICIO
ENREIXADOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS: As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS: As que establece o nivel de protección
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

Consultora Galega s.l. — F RES A_198

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO: XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS | TIPOLOXIA: PETROGLIFO | CLAVE PLANO: 16-H | Nº FICHA: X_107

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN: Petroglifo das Rodeiras | PARROQUIA: SANTO ANDRÉ DE C | NÚCLEO: | LOCALIZACIÓN: Rodeira

ADSCRICIÓN: Indeterminado | COORDENADAS: 530,428; 4,671,825 | CODIGO XACEMENTO: GA36057107

DESCRIPCIÓN:
Atópase na vertente dun val, nun afloramento a carón dun viñedo, a 35 m ao SW. dun lavadoiro. Na parte superior dunha rocha, nunha superficie inculturada de 0,60 m (eixo N/S) por 0,40 m (eixo E/W), obsérvanse covíñas con diámetros que oscilan entre 5 e 12 cm, algunhas delas unidas entre si directamente ou mediante suco. Noutra rocha, a carón dela, outra covíña.
O xacemento localízase a 20 m.s.n.m.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	LOCAL	I-1 (G.1) ;I-2 (G.I-2)	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO NON CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:
A gran cantidade de maleza (silvas e fentos) ocultan por completo as rochas inculturadas.
Bibliografía e documentación: Costas Goberna 1984: 122 e 154; Hidalgo Cuñarro 1984a: 78; Luaces Arca e Toscano Novella 1992 e 1994.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS: As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS: As que establece o nivel de protección

Consultora Galega s.l. — F RES X_107

Figura nº 29. Fichas dos elementos incluidos no catálogo do patrimonio cultural próximos ao ámbito de actuación.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Dende o punto de vista do valor panorámico ou ambiental, citar igualmente que nos propios terreos e na súa área de influencia non existen miradoiros, nin xardíns da ruta da camelia de Galicia, nin rutas BTT, tampouco se da a presenza de sendeiros.



Figura nº 30. Plano de valores paisaxísticos:panorámicos. Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Dende o punto dos valores paisaxísticos en función dos usos do solo, estes se localizan preto de zonas definidas como agroforestais, nun entorno no que existen coníferas, eucaliptos e outras, se ben non existen na contorna zonas cunha alta produtividade agraria nin forestal.

Figura nº 31. Plano dos valores paisaxísticos en base aos usos do solo agroforestais.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Dende o punto de vista do uso do solo, de acordo ao que se recolle no seguinte plano, apreciamos a presenza dos solos empresariais da Zona Franca e o polígono do Caramuxo, así como a zona ao longo da estrada autonómica PO-552, e defínense as liñas de media tensión eléctricas que dan servizo a este espazos. Apréciase a existencia de liñas eléctricas de media tensión na zona.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 32. Plano dos valores paisaxísticos en base aos usos do solo, en canto a valores paisaxísticos de usos extractivos, enerxéticos e áreas empresariais. Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Ademáis, os terreos e os seus lindeiros se atopan clasificados clasificados como solo urbanizable no vixente PXOU 93, e como solo urbano non consolidado no documento de Revisión do PXOM que se atopa aprobado provisionalmente igualmente na actualidade dende o pasado 28/12/2023, acreditando a súa ineludible vocación de desenvolvemento urbanístico, como peza de continuidade racional e transición urbanística entre a trama máis consolidada da cidade e o extrarradio da mesma.

O seguinte plano recolle a visibilidade estratéxica, e en canto á visibilidade dende estradas e núcleos, apréciase que se trata dunha zona de visibilidade baixa, pouco exposta visualmente:



Figura nº 33. Plano dos valores paisaxísticos en base á visibilidade estratéxica, no tocante á visibilidade dende estradas e núcleos.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 34. Plano do ámbito de xestión do POL en relación coa localización do PEI.

Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Na zona obxecto da actuación non existen áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) das definidas no Catálogo de Paisaxes de Galicia.



Figura nº 35 Plano das Áreas de Especial Interese Paisaxístico. Fonte: http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

Asemade, non existen Lugares de Especial Interese Paisaxístico, nin de especiais valores. Tampouco áreas paisaxísticamente especialmente degradadas, das identificadas no proceso de participación pública do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

1.1.3 ESTUDO DA PAISAXE.

Segundo o recollido no artigo 35 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia:

> *"1. Los instrumentos de ordenación territorial y urbanística realizarán un estudio del paisaje del ámbito territorial a que se refieran, que se incluirá entre los documentos informativos y de diagnosis exigidos por la normativa de aplicación.*
>
> *2. El estudio del paisaje se fundamentará en los catálogos del paisaje y pormenorizará los aspectos que resulten necesarios, en atención a las características, fase de tramitación, alcance y finalidades del instrumento y al carácter de los paisajes afectados, de acuerdo con lo establecido en este reglamento y en los instrumentos para la protección, gestión y ordenación del paisaje."*

De acordo ao Catálogo da Paisaxe, a actuación se insire Grande Área Paisaxística das Rías Baixas, e nomeadamente na Comarca Paisaxística 8.4 Pontevedra, colindante á 8.6 Vigo Litoral, segundo se aprecia no seguinte mapa obtido do visor do Catálogo das paisaxes galegas.



Figura nº 36. Encadre paisaxístico segundo o Catálogo da Paisaxe Galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

> *"3. Los estudios del paisaje se referirán a todos o a algunos de los siguientes aspectos, en atención a las peculiaridades de cada caso:*
>
> *a) Una caracterización del paisaje referido al ámbito estricto del instrumento y al entorno en el que se inserta, que identificará y describirá los elementos conformadores de aquel, así como los tipos y unidades de paisaje presentes en el ámbito del estudio."*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Segundo o Siose, o ámbito constitúe unha zona mosaico de agrícola e urbano, tal e como se aprecia igualmente no visor.



Figura nº 37. Usos do solo no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Dende a visión das coberturas do territorio, o ámbito recóllese igualmente como unha zona de mosaico agrícola e urbano.



Figura nº 38. Usos do solo no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Dende a perspectiva da xeomorfoloxía e a climatoloxía, trátase dun clima litoral cantábrico-atlántico, termotemperado de vales sublitorais termotemperado.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 39. Climatoloxía no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Pola súa banda, dende a perspectiva hidrolóxica, nas proximidades do sector localízanse os Ríos de Santomé ou río Lagares e o Rego da Presa.

Figura nº 40. Hidroloxía no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

> *"b) La identificación de los elementos o zonas en las que existen singulares valores paisajísticos de tipo natural o ecológico, cultural o patrimonial, estético o panorámico, y productivo o de uso. Se tomarán como referencia las áreas de especial interés paisajístico y los valores paisajísticos identificados por los catálogos del paisaje."*

O ámbito localízase en zona 3 dentro do Plan de xestión do lobo e en área potencial no Plan de recuperación da Escribenta das Canaveiras.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 41. Biodiversidade no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Como xa se sinalou anteriormente, o espazo en cuestión nin as súas zonas lindeiras e de influencia, non constitúen espazos naturais especialmente protexidos (PIN, ENIL, Reserva da Biosfera, ou da Rede Galega de Espazos Protexidos), nin tampouco espazos pertencentes á Rede Natura 2000.

Dende o punto de vista do patrimonio cultural, no ámbito do PEI non existen elementos pertencentes ao patrimonio cultural. Nas proximidades do ámbito existen varios elementos do patrimonio cultural catalogadas, pero as súas areas de amortecemento non se ven afectadas polo ámbito do sector, polo que tampouco inciden sobre a zona de influencia máis lindeira do mesmo, máis aló do que xa o fan os devanditos propios elementos pola súa localización, independentemente do desenvolvemento deste PEI.

Figura nº 42. Os elementos catalogados existentes no ámbito, no visor do Plan Básico Autonómico.
http://mapas.xunta.gal/visores/pba/

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

En canto ás cuestións panorámicas, no ámbito de estudo (o do PEI e o da súa zona de influencia) non existen sendeiros nin miradoiros que afecten as cuestións panorámicas.

Figura nº 43. Sendeiros e miradoiros no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

En canto ao uso do entorno do ámbito de actuación, aparecen áreas empresariais, no que nas súas proximidades discorren liñas eléctrica de alta tensión. Estes usos non afectan o ámbito da actuación, xa que logo xa están imbrincadas no territorio.

Figura nº 44. Áreas empresariais no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

> *"c) Un análisis de visibilidad, orientado a identificar miradores y sendas panorámicas, así como las zonas del ámbito más expuestas visualmente, teniendo en cuenta los potenciales usos de este. Se tomarán como referencia los contenidos de los catálogos del paisaje, con la oportuna pormenorización, en atención a la escala en la que el instrumento establece su ordenación."*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

O ámbito localízase nun enclave de baixa visibilidade por mor da cota na que se empraza.



Figura nº 45. Visibilidade da zona no visor do Catálogo da paisaxe galega. http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Por último, sinalar que a identificación dos impactos paisaxísticos existentes no ámbito, serán menores, xa que logo o vial proposto contribúe a consolidar a malla urbana existente, integrándose nela. A estes efectos, tendo que estar directamente relacionados co obxecto, a escala e o alcance do instrumento que se plantea a tal fin, estes considéranse de nula incidencia sobre a realidade urbana existente, tal e como así recolleu o propio IET no seu informe na fase de consultas ambientais no procedemento da AAE simplificada realizado.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

1.1.4 ESTUDO DA PAISAXE URBANA DE CEIP PÁRROCO DON CAMILO.

Segundo o sinalado no artigo 36 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia, os estudos da paisaxe urbana teñen por finalidade que a ordenación que establezan os instrumentos de planeamento urbanístico sexa congruente co carácter urbano propio de cada núcleo, zona ou barrio, co obxecto de preservar os seus valores paisaxísticos e contribuír á mellora da calidade dos espazos públicos.

De acordo ao anterior, o obxectivo xeral do presente PEI é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren principalmente os escolares do centro no seu acceso ao mesmo.

Para elo, se define técnicamente a actuación, que consiste nun novo vial de 16 m. de ancho que comunicará a estrada autonómica PO-552, denominada Estrada de Camposancos, co CEIP Párroco Don Camilo, resolvendo o seu acceso segundo o estipulado na lexislación de estradas de Galicia e nomeadamente na Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galciia e ás súas vías de servizo.

Conseguintemente ao anterior, a actuación contemplada só plantea a execución dun vial apoiado na topografía existente, e que se integra na paisaxe urbana que o circunda, preservando os valores paisaxísticos existentes, mellorando a mobilidade da contorna e a seguridade viaria na zona e contribuíndo, así, á mellora da calidade de vida e a cohesión social na súa contorna. Polo tanto, polo seu obxecto e escala de intervención, a capacidade deste documento para intervir sobre a paisaxe urbana existente na contorna do CEIP Párroco Don Camilo se advirte como nula. Así, a incorporación, tanto dos propios terreos en cuestión do ámbito do PEI, como os seus cercanos, en solos de planeamento secundario diferido a desenvolver no futuro, como pezas de continuidade racional do crecemento da cidade, tanto no vixente PXOU 93 como no documento de Revisión do PXOM aprobado provisionalmente, así o acreditan.

Figura nº 46. Imaxe aérea do entorno do CEIP Párroco don Camilo.

http://mapas.xunta.gal/visores/paisaxe/

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Sen prexuízo do anterior, de seguido se incorporan certas fotografías, que ilustran a situación existente na parcela e na súa contorna, caracterizada pola forte antropización do territorio, onde se misturan tipoloxías industriais e comerciais, con bloques residenciais en altura e un amplo diseminado unifamiliar.

Figura nº 47. Imaxe oblicua do espazo urbano da contorna do CEIP Párroco don Camilo Fonte: Google Earth.

Figura nº 48. Imaxe oblicua do espazo urbano da contorna do CEIP Párroco don Camilo Fonte: Google Earth.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 49. Imaxe oblicua do espazo urbano da contorna do CEIP Párroco don Camilo Fonte: Google Earth.

Nas imaxes anteriores se aprecia que a contorna da actuación atopase integrada nun espazo plenamente antropizado e con forte carga urbana.

De seguido se recollen outras imaxes de maior proximidade á parcela, nas que se aprecia a integración da mesma na contorna urbana antropizada e na trama urbana existente.

Figura nº 50. Imaxe do punto de unión do novo vial coa estrada PO-552. Fonte: Street View.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 51. Imaxe do punto de unión do novo vial coa estrada PO-552. Fonte: Street View.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 52. Imaxe oblicua da contorna onde se vai a implantar o vial de acceso o Párroco Don Camilo. Fonte: Street View.

Como xa se sinalou, a amplitude e o grao de precisión dos estudos da paisaxe urbana será proporcionado á entidade do núcleo urbano e ao alcance do plan, polo que aos efectos do obxecto final deste PEID, circunscrita fundamentalmente á dotación dun novo acceso o CEIP Párroco Don Camilo, insartado na trama urbana da contorna, se considera que esta non incidirá sobre a paisaxe existente e, en todo caso, contribuirá no futuro a actuar congruentemente coa actividade en funcionamento e cos valores da paisaxe urbana existente de forma coordinada e integrada, e contribuíndo á vertebración dos futuros desenvolvementos urbanísticos previstos, que sí suporán a reconfiguración da paisaxe urbana actualmente existente na contrna do ámbito.

En Vigo, a febreiro de 2025.

O arquitecto,
Ángel J. Santorio Cuartero.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025